



XUSTIZA SALARIAL SALARIO OU CONFLITO

Este 7 de outubro, a Xornada Mundial polo Traballo Decente está dedicada aos millóns de traballadores e traballadoras de todo o mundo que merecen e reclaman xustiza salarial.

A inflación galopante, produto tanto da guerra en Ucraína como do afán de lucro de poderosas corporacións que controlan a enerxía, o transporte, os alimentos e outros produtos básicos, está a sumir na pobreza a un número cada vez maior de traballadoras e traballadores e ás súas familias.

Máis da metade dos fogares está a ter dificultades para subsistir e o 10% non pode sequer afrontar o custo dos produtos básicos.

A pandemia da COVID-19 e a invasión rusa de Ucraína repercutiron gravemente na subministración de bens e no mundo está a facerse moi pouco por deter a especulación corporativa derivada destas crises.

Isto súmase á redución que, desde hai décadas e en todo o mundo, vén producíndose da proporción da riqueza que corresponde á clase traballadora, produto da represión da actividade sindical nalgúns países e en particular do bloqueo que sofre a negociación colectiva. Os salarios mínimos en moitos países non existen e en moitos outros, aínda que establecidos, son inadecuados.

Xustiza salarial

A xustiza salarial é unha pedra angular do contrato social entre a clase traballadora, gobernos e empresas que se rompeu, en gran medida, pola cobiza corporativa cada vez maior. Desde o comezo da pandemia xurdiron 573 novos multimillonarios. Estes controlan xa o 13,9% do PIB mundial, mentres cada día máis de 700.000 persoas máis caen na pobreza.

A fractura do contrato social, como consecuencia de decisións gobernamentais, supón unha ameaza para a propia democracia á vez que a represión contra organizacións sindicais e a incapacidade de garantir unha lexislación laboral xusta alcanzan niveis sen precedentes.

Esta situación está a verse reforzada polo mito difundido por economistas, políticos conservadores, liberais e de extrema dereita, bancos centrais e medios de comunicación afíns, segundo o cal a inflación é, dalgunha maneira, culpa da xente traballadora, e un aumento nos ingresos das persoas sería prexudicial para a economía. Iso é totalmente falso: a inflación nos poucos países que seguen contando cunha indexación salarial automática atópase aproximadamente ao mesmo nivel que en países equiparables que non aplicaron incrementos salariais.



Punto de inflexión

Boa parte das traballadoras e traballadores de todo o mundo decidimos mobilizarnos para esixir medidas que reduzan a brecha salarial fronte á inflación galopante que está a privar a familias e comunidades de calquera posibilidade de ter unha vida decente e un futuro digno; enfrontándose, en moitos casos, a unha violenta represión por parte de gobernos que obedecen a intereses corporativos ou á constante ameaza de perder os seus postos de traballo.

CCOO e UGT, así como o conxunto do movemento sindical mundial, levamos anos reclamando xustiza salarial para a clase traballadora, tanto do sector da economía formal como da informal, independentemente de onde vivan e do traballo que realicen.

As crises transversais, como o quecemento global, os conflitos armados e a cobiza corporativa, deben converterse nun punto de inflexión no que gobernos e institucións internacionais asuman xa, e dunha vez por todas, que teñen que gobernar en interese das persoas e deixar dunha vez de complacer os intereses das poderosas elites empresariais.

O mundo necesita un novo contrato social no que a xustiza salarial ocupe un lugar central. Hai que acabar co déficit mundial de 575 millóns de postos de traballo, respectar os dereitos fundamentais dos traballadores e as traballadoras, acabar para sempre coa discriminación por motivos de xénero, ampliar a protección social a todas as persoas e construír unha economía mundial inclusiva, libre dos vestixios do colonialismo.

Como ben lembra a Organización Internacional do Traballo (OIT), só sobre estes cimentos pódese construír a paz duradeira e afrontar e superar os perentorios retos do presente e do futuro.

España non é allea a esta realidade mundial, os excesos do capitalismo, a cobiza corporativa e a aquiescencia gobernamental supuxeron que a crise financeira deixase desde 2008 unha importante e visible desvalorización salarial e un incremento das desigualdades sociais e das situacións de pobreza.

UGT e CCOO consideran urxente que as consecuencias da inflación sexan tidas en conta en todas as negociacións, de maneira que se distribúan as cargas e aumenten os salarios. Esiximos ás organizacións empresariais responsabilidade, que non bloqueen os procesos de diálogo social nin de negociación colectiva e que entendan que é urxente que se produzan subidas salariais xustas e suficientes. Os sindicatos de clase maioritarios pedimos ao Goberno medidas que freen o aumento dos prezos e que aposten por un impulso forte do Salario Mínimo Interprofesional (SMI).

En base a esas premisas mobilizámonos, xunto ao resto de organizacións irmás da Confederación Sindical Internacional (CSI), para esixir “Xustiza salarial” para os e as traballadoras do mundo.